



DIARIO DO



MONTE DOS POSTES



Índice de artigos

• Do Monte dos Postes para o Mundo (3 anos A)	3
• Onde Os Contos contan (3 anos B)	5
• Extra!! Na clase de 4 anos A apareceron vermes de seda	10
• Titulares tolos (4 anos B)	12
• Peixes con clase (5 anos A)	15
• Mergullándonos no mundo dos peixes (5 anos B)	17
• Gran acontecemento (1º EP A)	21
• O alumnado de 1º EP B coñece a illa de Sálvora	24
• 1º Grade Little Master's Gallery	27
• As cousas de 2º EP B	28
• Un día do libro redondo para 3º EP A e 1º EP B	29
• Agricultores na aula. Curiosidades animais (3º EP B)	30
• O CEIP Monte dos Postes vive o Entroido con espírito xornalístico 4º EP A	32
• Eventos en 4º EP B	34
• 4º EP C as Nosas Novas	36
• O xornalismo en Galicia 5º EP A	38
• Breixo e Ramiro. 5º EP B	39
• Carta ao director 6º EP A	40
• Somos Poesía 6º EP B. Os cómoc de 6º B	42
• English	44



DO MONTE DOS POSTES PARA O MUNDO

Chegan as novas do CEIP Monte dos Postes.



Os nenos e nenas, da aula de 3 anos A, anuncian que chega información moi variada do CEIP Monte dos Postes que non vos podeades perder.

NOTICIAS
TITULARES
EXCLUSIVAS
REPORTAGES
ENTREVISTAS
PASATEMPOS



COMUNIDADE OS CONTOS CONTA





ONDE OS CONTOS CONTAN

As nenas e nenos da aula de 3 años B presentan nesta revista escolar o proxecto destes últimos meses, o seu título é:

ONDE OS CONTOS CONTAN

Con este traballo queremos propoñer unha transformación do noso patio baseada en contos clásicos.

Os textos traballados foron:

PINOCHO

OS TRES PORQUIÑOS

O MAGO DE OZ

PETER PAN NO PAIS DE NUNCA XAMAI

Cada un destes contos será o ambiente escollido para as distintas zonas do patio

O recuncho das construccions dos tres porquiños.

A zona de xogo un camiño de baldosas amarelas do Mago de Oz.

O auditorio para facer representacións chamarase Circo de Estrómboli

A casita de Wendy será un espazo de xogo simbólico

Este é o principio dun proxecto que esperemos se leve a cabo nos vindeiros anos.






EXPLORACIÓN

NO SO PAÍTO



RADO



TALLER

CONSTRUCIÓNS



OS 3 PAPUÍNS



ONDE OS CENTOS CONJAN





EXTRA!! EXTRA!!

NA CLASE DE 4 ANOS A APARECERON VERMES DE SEDA

Os nenos e nenas de infantil descubriron algo sorprendente.... os vermes de seda!!

Durante varios días, os gusanos comeron follas de moreira sen parar. Os peques observaron con lupas e aprenderon que precisan comer moito para facerse fortes.



OS NOSOS DATOS DE EXPERTOS

As nosas observacións leváronnos a descubrir cousas moi interesantes sobre os nosos amigos vermes:



CATEGORÍA

O QUE DESCUBRIMOS

VELOCIDADE MÁXIMA	SON MÁIS LENTOS CA UNHA TARTARUGA CON SONO
COMIDA FAVORITA	ENSALADA DE MOREIRA FRESCA (SEN ALIÑO)
TACTO	MOI SUAVES, UN ALGODÓN CON PATAS
PODER ESPECIAL	FACER DESAPARECER AS FOLLAS NUN ABRIR E PECHAR DE OLLOS!



ENTREVISTA EXCLUSIVA O VERME MÁIS COMILÓN

P: NON CHE DÁ VERGOÑA QUE CHE MIREMOS TANTO COAS LÚPAS?

R: QUE VAI, SÍNTOME COMO UNHA ESTRELA DA TELE. PÓÑOME GUAPO PARA QUE VEXADES AS MIÑAS PATIÑAS.

P: É VERDADE QUE VAS FABRICAR SEDA MÁXICA?

R: É UN SEGREDO! ESTOU A GARDAR TODA A ENERXÍA DAS FOLLAS DE MOREIRA PARA TECER A MIÑA CASIÑA. VAI SER DE COR OURO!

P: UNHA MENSAXE PARA OS NÓSOS LECTORSES?

V: SE ME VEDES UN POUCO PÁLIDO NON É QUE ESTE ENFERMO, E QUE O BLANCO É O COLOR DA TEMPADA!



PROXIMAMENTE, O GRAN SOÑO...

AGORA QUE OS NÓSOS INVITADOS TEÑEN A TRIPA CHEA, TÓCANOS TER PACIENCIA. ESTAMOS A VIXIAR MOI DE CERCA PARA NON PERDERNOS O MOMENTO MÁIS MÁXICO: CANDO SE ENCERREN NAS SÚAS CASIÑAS DE SEDA.

CONVERTERANSE EN BOLBORETAS PRONTO?

CONTARÉMOSVOLO NA NOSA PRÓXIMA EDICIÓN!



O MISTERIO DO FÍO DE SEDA CONTINUARÁ...



DIARIO MONTE DOS POSTES


CURSO 2025-2026

4 ANOS B


TITULARES TOLOS

O ALUMNADO DE 4 ANOS B CREA "TITULARES TOLOS" PARA FOMENTAR A CREATIVIDADE NA AULA

O que parecía unha semana calquera rematou convertíndose nunha auténtica redacción de noticias imposibles. As nenas e os nenos sorprendéron cunha orixinal proposta inspirada nas técnicas de Gianni Rodari. Ao ler as noticias esperadas como divertidas, onde cada titular abría a porta a un pequeno mundo onde todo podía acontecer.



AS NOSAS CREACIÓNS



DIARIO MONTE DOS POSTES

CURSO 2025-2026

4 ANOS B

Tanta lluvia en Santiago no se necesita ir con capucha

Las calles de Santiago no son de camino

SEMANA DA PRENSA 9-15 MARZO 2026 MARGARA QUINTERO

se necesita ir con capucha

¿SON DE CAMIÑO

MARZO 2026

REANAD A ORONS A OLYS LARA PIQUÉ

En la Festa da filloa aparecieron seis profesores

tomates más saludables

SEMANA DA PRENSA 9-15 MARZO 2026 VALERIA DEBAS

os xenerais da Ulla e en «MasterChef»

A orquesta "da casa", a Olympus

SEMANA DA PRENSA 9-15 MARZO 2026 BLASTOJO

Una nueva ola de frío polar pone la Blanca

RIBLIOTECA

El PSdeG gana de chapaza de la Xunta la reforma de la dependencia

SEMANA DA PRENSA 9-15 MARZO 2026 DANIEL

«Mis bueyes salen hoy de turismo espacial

de onde se formou, danda que poida que pasara polas aulas da Universidade de Alcalá de Henares

Obra de teatro de Salomón de Maqallides, de la historia dos Incas

Foi un persoal pouco controvertido, pero non se pode negar a súa cultura e as súas achegas xeográficas

SEMANA DA PRENSA 9-15 MARZO 2026 ILEA VAZQUEZ

DIARIO MONTE DOS POSTES

CURSO 2025-2026

4 ANOS B

flores, arte y deporte sorpresa en el tren

En agosto se ignoraron avanos de progreso se redujo la seguridad modificando el proyecto, no había información de la falta de análisis de riesgos, si se realizaba una revisión de seguridad se debería haber realizado antes de la construcción.

En agosto se ignoraron avanos de progreso se redujo la seguridad modificando el proyecto, no había información de la falta de análisis de riesgos, si se realizaba una revisión de seguridad se debería haber realizado antes de la construcción.

En agosto se ignoraron avanos de progreso se redujo la seguridad modificando el proyecto, no había información de la falta de análisis de riesgos, si se realizaba una revisión de seguridad se debería haber realizado antes de la construcción.

SEMANA DA PRENSA 9-15 MARZO 2026 CARLA

El cocido muy frío para un Escritor de Santiago

El cocido muy frío para un Escritor de Santiago

El cocido muy frío para un Escritor de Santiago

El cocido muy frío para un Escritor de Santiago

SEMANA DA PRENSA 9-15 MARZO 2026 KARU VARELA

vuelos extraños en tractors por fuertes lluvias

vuelos extraños en tractors por fuertes lluvias

vuelos extraños en tractors por fuertes lluvias

vuelos extraños en tractors por fuertes lluvias

SEMANA DA PRENSA 9-15 MARZO 2026 VALENTINA PÓR

O Caldo de Gloria de Rosalia y el entroido del Monte dos Postes son turismo internacional

O Caldo de Gloria de Rosalia y el entroido del Monte dos Postes son turismo internacional

O Caldo de Gloria de Rosalia y el entroido del Monte dos Postes son turismo internacional

O Caldo de Gloria de Rosalia y el entroido del Monte dos Postes son turismo internacional

SEMANA DA PRENSA 9-15 MARZO 2026 CECILIA TERRE

Esperamos que disfrutades desta edición especial tanto como nós creándonos. Invitámosvos a que a próxima vez que abrades un xornal intentedes buscar o voso propio "titular tolo" entre as páxinas. Dende logo, a realidade é moito máis divertida cando te atreves a recortala!

FE DE ERRATA
 INFÓRMASE AOS LECTORES DE
 QUE O TITULAR "MIS BUENES
 SOLEN HOY DE TURISMO
 ESPACIAL" CONTIÑA UN ERRO
 TÉCNICO. OS BOIS NON VAN Á
 LÚA, SENÓN A MARTE, PORQUE
 ALÍ O PASTO É VERMELLO E
 FALLES MÓIS ILUSIÓN.





PEIXES CON CLASE


Santiago de Compostela (A Coruña)

20 de xuño de 2026





Durante este curso os nenos e nenas de 6ª de Educación Infantil levaron a cabo unha árdua investigación sobre os peixes, o mar e o seu coidado. Aquí vos deixamos un breve resumo de todo o descuberto ao longo deste tempo.

Bestiario



Inspirándonos nas obras de Beto Val, creamos os nosos "peixes" utilizando a técnica plástica do collage. Despois démoslle nome común e nome científico ás nosas criaturas



Miguita

Tras a busca de información, o análise de diferentes características dos peixes decidimos representar unha sardiña para recoller cada unha das partes do corpo destes animais.

Características dos peixes

Diariamente fomos recollendo diferentes datos sobre os peixes no caderno de observación. Así aprendemos que dependendo da súa alimentación, hábitat... cada tipo de peixe tiña unhas características concretas.


BIFURCADA

RECORTADA



HETEROCERCA

REDONDEADA



Abecedario marino

Tamén creamos un abecedario recollendo os nomes comúns de varias especies de peixes da nosas costas




Luce, microscopio e acción!

Puidemos observar máis de preto a anatomía externa e interna dos peixes o que nos permitiu ver, por exemplo, que os peixes durmen cos ollos abertos porque non posúen pálpebras e que os seus anos de vida están marcados nas súas escamas.



E ti.. canto medidas?

Recollemos as medidas de diferentes peixes e mamíferos mariños e representamos esas medidas tanto sobre a nosa silueta como a través dos nosos corpos.



MEDIDAS MARIÑAS		
	MEDIDA CONVENCIONAL	MEDIDA NON CONVENCIONAL
1. Cabaliño de mar	2,5M	11Módulos
2. Piraña	30cm	3Módulos
3. Arroz	3M	agendas e Modis
4. Tiburón balea	12M	12Módulos
5. Balea azul	30M	26Módulos



Passatempos marimíros

SOPA DE LETRAS

Tiburón

Branquia

xarda

Atrón

Balea

Raia

orca



SOLUCIÓN





MERGULLÁNDONOS NO MUNDO DOS PEIXES

Ceip Monte dos Postes. Aula de 5 anos B

curso 2025/2026

Unha viaxe baixo o mar

Ao longo do segundo trimestre do curso, os nenos e nenas de 5 anos do Ceip Plurilingüe Monte dos Postes transformaron a súa aula nun pequeno océano. A través da curiosidade, exploraron o mundo mariño dende as súas propias preguntas, converténdose nos protagonistas da súa aprendizaxe.



Investigando por dentro e por fóra

Pasamos á acción para entender como funciona o corpo dun peixe:


- **Anatomía real:** Abrimos un peixe para observar as súas branquias, o seu esqueleto e a vexiga natatoria, ese "globo de aire" que os axuda a flotar.
- **Clasificando o océano:** Aprendemos a observar as diferenzas na forma das bocas, o tipo de escamas e as funcións das aletas caudais.
- **O ciclo da vida:** Descubrimos que non todos nacen igual; algúns veñen de pequenos ovos e outros nacen directamente do ventre da nai.



Matemáticas no Mar

Usamos o noso propio corpo para entender as dimensións da vida mariña:

- **Comparación de tamaños:** Cantos nenos e nenas fan falta para igualar a un tiburón ou a un calamar colosal?
- **Unidades de medida:** Aprendemos que unha sardiña ou un cabaliño de mar poden medirse coas nosas propias palmas.





O Abecedario do Mar e a nosa Arte

Non só aprendemos ciencias, tamén nos convertemos en artistas e expertos en letras:

- **Abecedario de peixes:** Creamos o noso propio abecedario onde cada letra nos presenta unha especie mariña diferente.
- **A arte de pintar o mar:** Inspirámonos no estilo colorido de Romero Britto e na creatividade de Beto Val para crear as nosas propias obras de arte mariñas.



“Manchitas” e o noso Influencer do mar Rogelio Santos Queiruga

Na aula de 5 anos B, a responsabilidade e a comunicación son fundamentais:


Coidando a Manchitas: Manchitas é o noso peixe da aula. Con el aprendemos a importancia de darlles de comer e manter o seu fogar limpo todos os días.

Unha mensaxe para Rogelio: Contactamos a través das redes sociais co noso influencer do mar favorito, Rogelio Santos Queiruga. El ensinounos trucos sobre a vida dos mariñeiros e o respecto polo mar que nunca esqueceremos.



Xoga con nós: O crucigrama mariño

Despois de investigar tanto, convertémonos en expertos. Atreveste a cubrir este crucigrama cos nomes dos peixes e conceptos que aprendemos?



Este proxecto non só ensinou bioloxía, senón que traballou áreas fundamentais:

- **Aprendizaxe significativa:** Partindo dos intereses reais do alumnado.
- **Interdisciplinabilidade:** Traballando a linguaxe, a lóxica-matemática e a expresión artística.
- **Valor Ecolóxico:** Fomentando dende cedo o respecto pola biodiversidade e o coidado dos nosos océanos.

"Para nós un peixe non é só un animal que nada; é a escusa perfecta para descubrir o maravilloso que é o mundo no que vivimos."



CRUCIGRAMA

1. Peixe plano, redondo e moi saboroso que vive deitado na area do fondo do mar.

2. Peixe cunha raíña de ouro pintada entre os ollos.

3. Peixe que comeza por A e que é primo do bacallau.

4. Peixe pequeniño de cor da area que ten moito coitado de non ser comido polos peixes grandes.

5. Ten un nome moi divertido e é de cor vermella rechamante. Parece que está enfadado pero non o está!

6. Pequena e prateada á que lle encanta estar na festa de San Xoán sobre un anaco de pan.

7. Peixe que é gran saltador nas fervenzas dos ríos e a súa carne é de cor laranxa.

- SALMÓN
- DOURADA
- RODABALLO
- ABADEXO
- FA NECA
- PESCACHO
- SARDINA

GRAN CONTECEMENTO



Sabedes que fai pouco tempo foron
catro astronautas á lúa
Pero non foi un viaxe cualquera
viaxaron a cara oculta da lúa

A nave Orion despegou desde Florida E.E.U.U
a tripulación estaba formada por
3 homes e unha muller



no despegue e na aterraxe levaban un
traxe branco. É un traxe de
emergencia





Otraxe levamos a tina, unha bal-
za, linterna, chiflo e salvavidas.

Também casi dez días en realizar a viaxe

A nave alcanzou unha velocidade

40.0000 km



non saíron da nave en toda a viaxe
fizeron moitos factos e tomaron
Natas, Mena Libreta
e estiveron traballando no ordenador
che garon salbos



Amerizaron no Oceano Pacifico
para amerizar despregaron 12 paracaidas

- os militares foron a recollelos con
barcos



A misión se chama artemis II
A misión empezou hai anos
para que a misión artemis II saíra ben



O ALUMNADO

DE 1º COÑECE

A ILLA DE SÁLVORA



Van visitar a illa ao fin de curso.



Un día, na hora de ler,
os profes trouxeron un

conto que se titulaba

"Volcán". Volcán é un

Cabalo que vive na illa

de Sálvora.

Xián e Lina

lendo o conto na clase.

A illa de Salas, Xunto con Naro, Sagres e outras illotes, está situada na boca da Ría de Arousa formando un arquipélago.

É unha illa con moita historia.


Ainda que agora non vive ninguén ali, si houbo xente nalgún momento, e sucederon



Vista aérea da illa.

acontecementos importantes, como o afundimento do vapor Santa Isabel. Barco correo, que tomén levaba pasaxeiros, con ruta desde Bieiras a Cádiz, para despois cruzar a América.

Deluxe de Davío 1º B





A noite do 2 de xaneiro de 1921, no medio dunha tormenta terrorífica, o Santa Isabel chocou coas rochas da illa de Sálvora, a altura do faro.

Viaxaban 264 persoas, entre tripulación e pasaxeiros.

Moreron 213 persoas, salveáronse 53, grazas ao traballo de 4 mulleres, Josefa María e Cipriana Oujos nunha barca, e Cipriana Cruzjeiras desde terra.

Catastrofe marítima, na historia de Galicia para sempre.

Nós tivemos a sorte de ver unha maqueta.



Nenos de 1º B visitando a maqueta.



1st Grade Little Master's Gallery:

What an incredible and colorful year we have had in 1st grade! Over the past few months, our classrooms turned into real art studios where our imagination and creativity ran wild. We have learned so many fascinating things throughout the school year.

During the First Term, we discovered the magic of color by learning to differentiate between warm colors and cool colors. In the Second Term, we became geometry explorers, learning all about different types of lines (straight, curved, zig-zag) and geometric shapes. By the Third Term, we experimented with specific and fun artistic techniques, such as pointillism, creating magical drawings dot by dot!



We had so much fun filling designs with dots just like Yayoi Kusama, imitating Kandinsky's famous circles, playing with the bright colors of Andy Warhol's Pop Art, cutting out shapes like Henri Matisse, painting swirling stars like Van Gogh, and discovering Pablo Picasso's cubism! It was exciting to see how each book became a personal masterpiece.

This project was also a fantastic opportunity to practice our language skills. We were lucky to have the wonderful help of our language assistant throughout the process!

As cousas de 2ºB

Segundo foi un curso moi divertido.
Pasámola moi ben. Como zero terceira?

Primeiro trimestre

No **SAMAÍN** decoramos colozas
e disfracámonos de xornalista,
terroríficos. O **MOSTO** foi especial
xogamos con xaquetes tradicionais
e comemos castañas asadas. Em
NOEL os nenos víñeron ao cabe.



Segundo trimestre

No **ENTROIDO** fomos corresponsais
de guerra para loitar pola **ME**.
O día máis divertido foi un
ao cele en **PRAXAMA**.
Hememuramos a **ROSALÍA de**
CASTRO con poema que guamos na
RADIO.

Terceiro trimestre

O **DÍA DO LIBRO** foi especial
lemos contos no patio.
Aprendemos cousas das **illas**
ATLANTICAS investigando e
tamén xogando na biblioteca.
Rematamos o curso
cunha excursión a **SILVORA**.



Un Día do Libro redondo para 3ºA e 1ºB

Co motivo do **Día do Libro** o pasado **23 de abril**, o alumnado de **3ºA** e **1ºB** saíu das aulas para gozar dunha xornada de lectura compartida moi especial ao aire libre.



Historias e contos sobre a herba

A actividade trasladouse ao exterior do colexio para aproveitar un **día marabilloso de sol**. Cada alumno e alumna de terceiro escolleu un conto para ler, tendo en conta a idade do seu afillado e os seus posibles gustos e así formaron parellas con compañeiros e compañeiras de primeiro, que escoitaban con moita **atención e entusiasmo**.

Un agasallo sorpresa de agradecemento

Ao rematar as lecturas, os padriños e madriñas recibiron un detalle moi especial. O alumnado de primeiro elaborou **un marcapáxinas único como agasallo**. Cada marcapáxinas era moi orixinal, cheo de cor e personalizado co nome de cada un. O xesto serviu para selar unha mañá de aprendizaxe e compañeirismo. Ler ao aire libre demostrou que calquera recuncho do noso colexio é perfecto para viaxar coa imaxinación.

Un xeito inesquecible de festexar o 23 de abril!



Dedicatoria especial

Queremos felicitar a todo o alumnado de **3ºA** e **1ºB** polo seu gran comportamento, ilusión e agarimo durante esta actividade.

Un agradecemento moi especial tamén ás **mestras organizadoras**, que co seu traballo e dedicación fixeron posible este día tan máxico.

Grazas por encher a escola de lecturas e sorrisos!

Agricultores na aula

O alumnado de 3º B estuda as plantas, para iso fixo un experimento científico sementando distintas especies de árbores.

O primeiro que se fixo foi recoller sementes de distintas árbores: castañas, landras, abelás e noces. Nuns recipientes reciclados procedeuse a plantación.

Despois diso regáronse unha vez por semana, con coidado de non afogalas. Cando as sementes comezaron a xerminar, colocáronse nun sitio onde lles dera a luz, pois senón non ían poder facer a fotosíntese, tan importante para producir osíxeno (aínda que tamén nos rouban un pouco).

Co paso dos días, mentres ían medrando as plantas, observouse que nalgún dos recipientes estaban a xerminar máis dunha semente, polo que se tivo que proceder a transplantalas para que puidesen medrar con mais espazo.

A medida que pasou o tempo, as plantas comezaron a medrar tan rápido que case non collen na clase, polo que xa están listas para ser plantadas no exterior e así poder crear un pequeno bosque dos alumnos de 3ºB.



Ademais das sementes anteriores tróuxose a clase unhas pebidas de aguacate que se puxeron en auga ata que xerminaron.

Cando unha delas tiña raíces longas transplantouse nunha maceta para que poida medrar a planta e dar máis aguacates.

Esta planta, en especial, chama moito a atención do alumnado porque medra moi rápido. Para que medrase dereita, procedeuse a poñerlle un titor, unha ramiña que suxeite o débil tronco e non estea torta.

Curiosidades animais

As alumnas e os alumnos de 3º B estudamos os animais e atopamos algunhas curiosidades deles.



As bolboretas non poden tocar a auga porque morren.
 Un peixe saltarín do fango sae fora da auga durante unha hora porque ten pulmóns e branquias (chamado Mudskipper).
 O polbo ten tres corazóns e oito cerebros.
 A Ra touro africana ten unha mordida fortísima, e come: insectos, peixes, serpes e incluso paxaros.
 O falcón peregrino é o animal máis veloz, cando cae en picado, alcanza os 389Km/h, triplica a velocidade dun guepardo.
 O ornitorrinco é o único mamífero que pon ovos. Vive en Australia.
 As moscas teñen o sentido do gusto nas patas! Nelas atópanse 15.000 preceptores gustativos.
 O oso formigueiro xigante non ten dentes. Traga a comida enteira: larvas e formigas.
 Os ollos do camaleón poden mirar en calquera dirección. Pode mirar cara adiante cun ollo e cara atrás co outro ao mesmo tempo.
 Os Koalas dormen entre 20 e 22 horas ao día para aforrar enerxía.
 Os coellos poden xirar as orellas ata 270 graos para escoitar mellor.
 O salmón pode nadar ata 1.600 Km mar a dentro. Nada entre fortes correntes para volver ao lugar do río onde naceu e pode saltar nas fervenzas. Debido ao esforzo poden perder ata o 40% do seu peso e moitos morren de esgotamento.

Sopa de Letras

C	Y	D	C	R	O	C	O	D	I	L	O
A	E	A	A	B	E	L	L	A	W	C	V
M	S	U	R	A	T	O	R	Ñ	N	M	E
A	C	D	A	K	U	F	A	I	D	O	L
L	O	A	C	H	P	A	R	U	U	S	L
E	E	L	O	S	L	R	D	O	L	C	A
Ó	A	D	L	L	O	R	O	A	A	A	O
N	S	L	T	T	F	Y	G	N	R	C	E
I	O	Ñ	I	F	L	O	G	A	T	R	P
O	D	N	T	R	A	C	E	U	N	A	S
S	R	L	I	S	O	U	L	G	O	P	E
O	U	D	P	I	N	G	U	I	L	L	T

ABELLA	LONTRA
CAMALEON	LORO
CARACOL	MOSCA
CROCODILO	ORNITORRINCO
GOLFIÑO	OSO
GORILA	OVELLA
IGUANA	PINGÜÍN

O CEIP MONTE DOS POSTES VIVE O ENTROIDO CON ESPÍRITO XORNALÍSTICO.

A chuvia impediu realizar o desgile polas rúas de arredor do centro.

ALUMNADO 4ºA

O venres, 13 de febreiro, celebrouse a festa do Entroido no colexio Montedós Postes. Desde o luns estivo cobrada a "meca" na entrada principal do edificio. Todos os días amosaba un cartel coa "mandala" que indicaba o que había que levar cada día da semana a modo de disfraz: O luns "un bñi ben decorado colgado ao



A meca portando unha mandala

pescozo", o martes "unha gorra ou bufanda deportiva", o mércores "ir á escola en pizama", o xoves "levar gran-rotas, paxariñas, cabres... para ser xornalistas de profesión", e o venres ir "disfrazado como é debido para desgilar."

Ese mesmo venres, o alumnado e profesorado chegaron ao Centro co seu correspondente disfraz

xornalísticos: en Educación Infantil ián caracterizados de repartidores de xornal; os nenos e nenas do primeiro ciclo de Primaria, de reporteiros de prensa rosa e de reporteiros da guerra; os do segundo ciclo disfrazados de Clark Kent, reporteiro baixo cucha

identidade se esconde o
superheroe Superman, e Peter
Parker, fotógrafo que esconde
a identidade de Spider-Man.
Por últimos do terceiro
ciclo apareceron disfrazados


de fotógrafos de xornal.

A partir das once da mañá
estaba prevista que todas as
aulas saíran ordenadamente
nun gran desfile polas rúas
que rodean a colexio, pero tivo

que ser cancelado por
mor da chuvia. Debido
a isto, realizáronse dous
parés no pavillón polideportivo
situado no patio: un paró
alumnado de Educación Infantil
máis Primeiro e Segundo curso
de Educación Primaria, e outro



Repartidores de xornal e reporteiros
de prensa rosa e de guerra



Desfile no pavillón
polideportivo

para os cursos de terceiro,
Cuarto, Quinto, e Sexto. Os dous
actas foron presentados
por rapaces e rapazas de
Sexto curso.

Unha semana na que
todos e todas aprenderon
divertíndose

Eventos en 4^ºB

Na clase de 4^ºB temos intereses culturais e deportivos, ambos fannos mellores persoas. Se queredes coñecer as nosas afecións de rapazada agora... quen sabe nun futuro..., ben poderían ser, as nosas profesións. Animámosvos a seguir lendo este interesante artigo. Para que se vos “vaia facendo a boca auga” temos que dicir con moito orgullo que contamos con: pianistas, clarinetistas campións de esquí, triatletas, ximnastas, futbolistas, patinadoras, motoristas, nadadores, atletas, taekuondistas, axedrecistas, cociñeiros, etc.

Eventos importantes

Pedro e Brais quedaron no 6^º posto de fútbol campo. Fiz, que tamén practica o “deporte rei” ocupa o 5^º posto da 3^a División. O pequeno Fiz, rápido coma un raio e cun dominio do balón, xogando en equipo, gañou un partido difícilísimo... Non queremos esquencernos doutro “crack” do fútbol, Dylan que co seu equipo acadou o 2^º posto da 1^a División.



E que dicir do atletismo. Na nosa clase destacan Cata e Fiz, case profesionais no Triatlón e Nuno veloz como o vento, sobresa e en velocidade e tamén é campión de esquí. Tamén contamos con Mariña a nosa gran patinadora. As carreiras tamén sae Amie, que de maior gozaría con ser a mellor atleta da República Dominicana e ademáis temos a Sergio que lle encantan as súas carreiras en moto.





Na ximnasia rítmica temos na nosa clase dúas campioñas, Ainhoa e Kenia que xunto coa nosa veciña de 4^ºA Lucía, estánselles a quedar pequenas as súas casas por mor da morea de medallas e premios que gañaron non só en Galicia; agora tamén compiten fóra da nosa terra e acadan tamén recoñecementos no deporte de Alto Nivel.

Hai na aula un deporte que ten moitos seguidores. Haberá que darlle as grazas ó fría que está a auga na piscina climatizada das Fontes do Sar. Sí, un avispado lector coma ti, xa se decatou que o deporte máis practicado polo alumnado de 4^ºB é a natación. Laura Paulo, Cristian, Brais, Pedro, Nuno, Kenneth e Juan Nicolás (que ademais é taekwondista). Algúns destes grandes nadadores xa están a colleitar medallas e premios.

Coa práctica deportiva..., xa se sabe que entra a fame...Mais non temos que preocuparnos xa que contamos con dous cociñeiros que ben podían ter cadanseu restaurante, deses que teñen máis estrelas ca unha árbore de Nadal. Os chefs son: Tomás que prepara un “sushi de morte” e tortillas de categoría e Kenneth, un reposteiro de “chuparse os dedos da man e ata as dedas dos pés”. O seu son as tortas.



E ti, lectora espelida...que cres que lle falta a este artigo para que o alumnado de 4^ºB sexan mellores persoas...? Pois sí, a música! Hai alumnos que se ben non poderían montar unha orquestra ben poderían facer un dueto, Rosalía ó piano, Nuno ó clarinete. Música en vivo e en directo cunha coreografía de Banessa a nosa bailarina. Xa deron concertos e máis que darán porque teñen na aula á mestra Cris que lles toca encantada, ás veces, o violín, outras o violonchelo e se lle queda enerxía, o piano...Con todo este repertorio ben dá ganas de pertencer á clase de 4^ªB.





O XORNALISMO EN GALICIA

A TVG E A RADIO GALEGA



A TVG (Televisión de Galicia) e a Radio Galega son os medios públicos de comunicación de todos os galegos e galegas. Naceron para informar, entreter, ensinar e promover a nosa lingua e a nosa cultura.

A TVG: A TELEVISIÓN DE GALICIA



Os seus inicios

A TVG comezou a emitir o 24 de xullo de 1985. Foi a primeira canle de televisión de Galicia e emitiu en galego desde o primeiro día.



Evolución

Ao principio emitía moi poucas horas ao día, pero pouco a pouco foi medrando: máis horas de programación, máis programas de noticias, deportes, series, documentais, programas infantís...



Hoxe

A TVG ten varios canles (TVG, TVG2 e a canle infantil G2) e tamén está en Internet a través da plataforma AGalega. Así podemos ver os programas cando queiramos e onde queiramos.



Sede da TVG en Santiago de Compostela

A RADIO GALEGA



Os seus inicios

A Radio Galega comezou as súas emisións o 29 de marzo de 1985. Foi a primeira radio pública de Galicia e tamén a primeira que emitiu en galego de forma regular.



Evolución

Comezou cunha soa canle, pero co tempo xurdiron máis emisoras: Radio Galega (Musical), Radio 5 (todo noticias) e galega Áudio (podcasts e contidos dixitais). A súa programación fai espazo para as noticias, a música, a cultura, o deporte e os programas locais.



Hoxe

A Radio Galega pódese escoitar na radio, na web e na app móbil. Está sempre preto da xente e da actualidade de Galicia.



Estudio da Radio Galega en Santiago

MOI IMPORTANTES PARA GALICIA

- ✓ Informan do que pasa en Galicia e no mundo.
- ✓ Promoven o noso idioma, o galego.
- ✓ Dan a coñecer a nosa cultura e as nosas tradicións.
- ✓ Ofrecen entretemento para todas as idades.
- ✓ Chegan a todos os fogares galegos.



5°A

Grazas á TVG e á Radio Galega podemos estar ben informados, aprender cousas novas e sentirnos orgullosos da nosa terra e da nosa lingua.

A información é poder!

Breixo e Ramiro

BREIXO E RAMIRO XORNALISTAS DO FUTURO NO MONTE DOS POSTES



**Ramiro Martínez
Mato**

Ramiro Martínez Mato

Nacido en Vimianzo o 28 de Febreiro de 2003. Desenvolveu os seus estudos de infantil e primaria no CEIP San Vicenzo de Vimianzo e os de secundaria no IES Terra de Soneira. As súas preferencias osciláronn sempre nas materias vinculadas coas letras e de xeito máis concreto coa Historia, especialmente a Contemporánea. Ao longo da súa infancia e xuventude practicou diversos deportes, mais principalmente xogou sempre ao fútbol e o baloncesto, o que fixo que a súa paixón polo mundo dos deportes sempre fose elvada, pois tamén lle gustan outros como



Breixo Barreiro Mira

Nacido en Santiago de Compostela no 23 de Abril do 2003.

Estudou no colexio Vilas

Alborada e logo no intituto IES Antón Fraguas. Sempre lle gustaron máis as letras (lingua galega, casteñçam, francés...) por tiba das ciencias. Dende pequeno fixo moitos deportes como o fútbol, baloncesto, patinaxe... E outras actividades como teatro ou xadrez.



Breixo Barreiro Mira

Periodista

Carta ao director

As melloras no patio



Aínda que non vamos a utilizalo máis, a clase de 6ªA pide melloras no patio escolar. As nenas e os nenos teñen un patio moi funcional pero en malas condicións. E tamén o patio dos maiores. Ambos están moi ben pero as súas condicións son criticables.

Xa sabemos que levar un colechio é complicado pero os patios merecen un arranxo. Os "montes" que rodean as escaleiras están completamente arrasados. Temos moito espazo que non está aproveitado. Poderíamos poñer, na explanada de arriba, debuxos no chan: raiolas, xogos de pés... Despois poñer algo para xogar como columpios ou tobogáns.



As saídas

As saídas son escasas, algunhas un pouco aburridas e repítense entre cursos. O noso exemplo e que só tivemos unha saída en todo o curso. Pedimos unhas poucas saídas máis para os nenos e nenas que aínda lles queda camiño porque o colechio é aprendizaxe pero tamén diversión.



Carta ao director

Dá pena dos nenos e nenas que non poden vir a este colexio, hai pequenos que non poden ter a educación que se merecen por circunstancias da vida, unha delas é que ten que estudar no colexio que lles queda máis preto da súa vivenda. Se todos tiveran a oportunidade de estudar nun colexio coma este , o mundo sería un lugar mellor.



O Monte dos Postes

O CEIP Plurilingüe Monte dos Postes ten moitas árbores e non se respira o aire contaminado dos coches. Os alumnos e alumnas teñen moito espazo tanto para xogar como para estudar. Hai moi bos patios e espazo para divertirse.

As aulas son grandes e coloridas, hai aula de inglés, de música, de reli e ata un gran pavillón onde desfrutamos os venres nos recreos.



6ºB Somos poesía

Somos poesía é unha recompilacion de pódcast que vai dirixida a todas e todos aqueles oíntes que gocen coa poesía.



Episodio do 04/05/26



Episodio do 11/05/26

6ºB Entrevistando

6ºB quiere dar a coñecer con este programa a aquelas persoas da Comunidade Escolar que lles poidan resultar de interese ao alumnado.



Entrevista á “teacher”
Susana Gómez



Entrevista ao mestre
de PT Beni Suárez

Os comics de 6ºB

Fai clic no comic para ler





MEMORIES



AT MONTEDOS POSTES SCHOOL

6th Grade Students





Our School Memories

We want to share our favourite memories of these years at school (in English!).

These years have been full of learning, fun and special moments together.

Here are some memories we will always remember.
Enjoy!

6A & 6B



School DURING THE Pandemic

I clearly remember how school changed during the coronavirus pandemic. It was very strange and difficult for all of us. The first thing I remember is the masks. We had to wear them all day long, even during PE class. It was hard to breathe sometimes, and I couldn't see my friends' smiles. We use hand sanitizer every time we entered the classroom, and the smell of alcohol was everywhere. Social distancing was also very important.

